



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN ORDINARIA DE 22 DE XULLO DE 2.008

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas vinte minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2007.

O sr. Alcalde dá conta aos srs. Concelleiros da liquidación do orzamento do exercizo 2007, cuxa copia xa se lles trasladou na documentación relativa a aprobación da Conta Xeral do citado exercizo.

2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2008

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, destacando a importancia da aprobación deste punto e poñendo de manifesto que aínda que a suma global é un pouco máis pequena que o ano anterior, o investimento é case do 40%, engadindo tamén que os gastos de persoal van medrar un 5%.

Puntualiza o Sr. Pardo Lombao que tanto o salario do Alcalde como as asignacións aos políticos non se incrementan neste orzamento, indo deste xeito un pouco por diante das medidas que se pretenden tomar na actualidade para frear a crise económica, pretendendo, por outro lado, manter o poder adquisitivo dos traballadores do Concello.

Continua dicindo o Sr. Alcalde, con respecto ao capítulo de servizos, que se mantén conxelado con practicamente o mesmo orzamento do ano pasado, o cal non quere dicir que se conxelen os servizos, senón que se intentará xestionalos do mellor xeito posible para que co mesmo orzamento se poidan manter ou incluso mellorar.

Estes servizos, que son comparables aos de calquera concello do mesmo tamaño, teñen que manterse para que o Outeiro de Rei continúe sendo atractivo tanto para



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

empresas que se instalen neste concello, como para as persoas que queiran vivir aquí, e por suposto, con mais motivo, para os que levamos vivindo aquí toda a vida.

Con respecto ao ano pasado, o investimento diminúe nuns 900.000 euros aproximadamente, o cal é debido a que o ano anterior se estaba a desenvolver un parque empresarial de promoción público-privada cuxas obras a día de hoxe están case rematadas, condicionadas polo remate da estrada Outeiro de Rei – Castro.

Pon de manifesto o Sr. Alcalde, a existencia doutro capítulo que, aínda que non destaca pola súa contía, é un dos máis importantes: os gastos financeiros. Suman aproximadamente un 2,5 % do orzamento, o cal quere dicir que, ademais de ter un investimento moi forte, temos unha solidez económica e financeira moi boa.

Engade o Sr. Pardo Lombao, para finalizar, que globalmente teñen uns orzamentos moi inversores, conxelando o gasto en altos cargos, contendo o gasto en servizos e facendo que o persoal poida mitigala a crise económica mantendo o crecemento dos salarios.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG felicitando publicamente á Sra. Interventora e ao seu equipo pola presentación que fixeron do orzamento.

A continuación pide o Sr. Arcadio que lle aclaren, con respecto á liquidación do contrato da reforma da casa consistorial, se o importe máximo autorizable de 113.000 euros se refire ao total da reforma ou so a unha parte.

Responde o Sr. Alcalde que se refire a unha parte da mesma.

Volve a intervir o Sr. Arcadio Lombao Román, e referíndose ao gasto de adquisición de parcela para campo da festa, pregunta de que parroquia se trata.

Respóndelle o Sr. Pardo Lombao que se trata do campo social da parroquia de Guillar.

Tras estas aclaracións, o Sr. Arcadio pon de manifesto que estes orzamentos chegan un pouco tarde posto que xa se atopan no mes de Xullo, e non lles parece lóxico que se presenten ao pleno cando xa pasou medio ano.

Continúa dicindo o voceiro do BNG referíndose ao anexo de subvencións, que as que se conceden a entidades deportivas, tres son a equipos de fútbol: S. D. Matela, C. D. Bonxe e S. D. Outeiro de Rei. Supoñen que as subvencións se dan en base aos gastos dos equipos dependendo da categoría na que se atopan, pero aínda así parécelles que se marca moito a diferenza entre uns e outros, xa que a subvención que se lle concede á S. D. Outeiro de Rei é moito maior ca dos outros dous equipos.

Por outro lado, referíndose ao tema dos investimentos, o gasto máis importante estase a facer no concello e no entorno do mesmo. A liquidación da obra de reforma da



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

casa consistorial e a reforma da praza do concello son a maior parte do investimento. Tendo en conta que o concello ten 27 parroquias, a proporción parécelles moi dispar.

Tamén quere engadir o Sr. Arcadio que consideraron como investimento a reposición de servizos afectados pola execución das obras e acondicionamento da estrada LU115 Outeiro de Rei - Castro, obra que xa está feita e que por un erro ou incompetencia, hai que volvela facer. Supón un gasto de 362.000 euros algo que eles non consideran un investimento.

Por último, na previsión de ingreso pola venda mediante expropiación forzosa dun solar sito en Lugo, no que se atopan actualmente as dependencias do cárcere, non creen que a cantidade que aparece reflectida no orzamento, sexa a que se vai a ingresar e tampouco que esa venda se vaia a facer neste ano.

A continuación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE sinalando que eles non poden estar de acordo cun orzamento que leva un aumento na recadación debido ao aumento dos impostos nas licencias urbanísticas, tanto de actividade, de apertura, de primeira utilización como de servizo de abastecemento de auga.

Pregunta a continuación o Sr. Concelleiro D. Miguel Ángel López Varela, vendo que o remanente de tesourería é cero, cal é o motivo e se o concello disporía de cartos para calquera imprevisto.

Con respecto aos gastos, sinala o capítulo onde se fai constar a remuneración da dedicación exclusiva do alcalde e quere saber o Sr. Concelleiro, se se trata dun erro ou é que variou a súa dedicación.

Respóndelle o Sr. Alcalde que non variou a súa dedicación, que é exclusiva parcial, tal como se acordou no seu momento.

Volve a intervir o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE e di que dentro da partida de gastos de persoal, habilítase un importe de 45.000 euros para persoal que coaxuda en tarefas esporádicas ou atípicas. Parécelles que existe moita diferenza con respecto a outro tipo de persoal como son os funcionarios.

Con respecto ao apartado de investimentos, sinala o Sr. Voceiro que se inclúe a reposición de servizos afectados pola execución das obras e acondicionamento da estrada LU115 Outeiro de Rei – Castro, obra que o concello se comprometeu a facer no seu día e que agora é financiada ao 100% pola Xunta de Galicia.

Engade ademais, que a obra de reforma da casa do concello non é deste ano posto que as obras comezaron fai moito tempo. Sinala, a continuación, que se recollen tamén no plan de investimento, unhas obras de saneamento no Salete, e quere saber se o concello pretende cobrarlle aos veciños as obras de saneamento dunha urbanización que



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

aínda non se recolleu, xa que no anterior pleno se dixo que as urbanizacións do Salete II e III aínda non estaban recollidas.

A adquisición do campo da festa de Guillar parécelles ben, pero esperan que ese trato sexa igual de equitativo, por exemplo, cando lles proporcionan un local a algunhas asociacións e a outras non.

Para finalizar, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, pon de manifesto que existe un grave problema coa calidade da auga no concello, mais concretamente nas urbanizacións dos Alargos e O Salete, e que non existe ningunha partida no plan de investimentos para mellorar esta situación. Por outro lado, os parques das urbanizacións están, en opinión do Sr. Alcalde, en condicións normais e aceptables, segundo dixo no pleno anterior, non obstante, o chan dos mesmos é de area e os peches, cando os hai, están en malas condicións. No plan de investimentos non aparece ningunha medida para crear uns parques mellores.

Non aparece tampouco ningunha medida para desenrolar as parcelas de que dispón o concello nas urbanizacións, nin tampouco ningún proxecto para desenrolar os temas medioambientais, nin con respecto á Rede Natura, nin con respecto ás áreas de interese cultural do noso concello. Por todo isto, consideran que son uns orzamentos continuistas e sen ningunha imaxinación, polo que o seu voto será en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que xa se esperaba que a votación fose en contra posto que é o que levan facendo os últimos 25 anos neste concello.

A continuación, felicita, en nome do equipo de goberno, á Sr. interventora polo bo traballo realizado.

En contestación á intervención do grupo municipal do BNG, aclara o Sr. Pardo Lombao que a casa consistorial se foi reparando en catro ou cinco anos grazas á subvención concedida pola Xunta de Galicia durante o último goberno de Manuel Fraga. Engade que co actual goberno non obtiveron ningunha subvención e por iso o Concello tivo que afrontar o gasto que supuxo o remate das obras.

En canto ao campo da festa, cree o Sr. Alcalde que a parroquia de San Martín de Guillar, pola súa dimensión necesita ter un campo ao lado da igrexa, ademais os veciños así o queren e o demandan. Sinala ademais que isto non é un feito illado senón que xa se fixeron máis compras de campos, ademais de colaboracións para facelos, pavimentación de algúns deles, construción de centros sociais en tódalas parroquias, remodelación de escolas, etc. Neste caso con axuda de outras administracións, o cal espera que continúe nun futuro.

Referíndose á tardanza na aprobación dos orzamentos, o Sr. D. José Pardo Lombao, non cree que sexa tarde, xa que todo o que se reflicte no catálogo de investimentos aínda está sen realizar e que, polo tanto, non están dando conta de nada,



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

senón que están aprobando un orzamento altamente inversor que se pretende levar a cabo no que queda de ano.

En relación coas subvencións destinadas a entidades deportivas, afirma o Sr. Alcalde que si hai diferenzas importantes entre unhas entidades e outras. En primeiro lugar, quere resaltar que hai unha subida xeralizada en tódalas subvencións, aínda atopándose nun momento de crise económica. Sinala, a continuación, que a subvención concedida á S. D. Outeiro de Rei, que é a máis elevada, se a comparamos con outras que reciben equipos da mesma categoría de concellos limítrofes, é unha das máis baixas. Ademais, este equipo é o que leva o nome do concello e o que vai a xogar contra os mellores equipos da provincia.

O concello, ademais de subvencionar aos equipos, proporcionalles as instalacións deportivas acordes coa súa categoría, ou incluso por encima da categoría na que xogan, encargándose tamén do mantemento das mesmas ao marxe das subvencións, e sen ningunha distinción. Por outro lado, non só se subvenciona a estes tres equipos de fútbol, senón que se fai con tódalas actividades deportivas do concello de Outeiro de Rei.

Facendo referencia ao comentario de que a maior parte do investimento se destina ao concello, o Sr. Alcalde, vendo o catálogo de inversións, opina que existen moitas partidas cun gran investimento que non teñen nada que ver coa reforma do concello.

Sinala ademais, que xa foi criticado, tanto polo grupo do BNG como do PSdG-PSOE, por non remodelar o centro. Agora que está coidado e remodelado, critican por investir moito no centro e non nas parroquias. Posto que neste concello non gobernaron nunca nin o BNG nin o PSdG-PSOE, non pode facer comparacións co que eles fan, así que non lle queda outra alternativa mais que comparar co que fan noutros concellos limítrofes. Opina o Sr. Pardo Lombao que neses municipios onde gobernan non teñen mellor calidade de servizos que os nosos, nalgúns non teñen a rede de abastecemento de auga estendida a todo o municipio, nin teñen centros sociais rehabilitados en tódalas parroquias, non teñen tódalas estradas asfaltadas e en boas condicións, etc.

Afirma o Sr. Alcalde, que levan 25 anos facendo unha oposición destrutiva, que o único que fai é enfrontar a uns cos outros e buscar problemas, como acaban de facer agora co tema do fútbol ou co investimento do centro do concello.

En canto ao tema da estrada Outeiro de Rei – Castro, di o Sr. Pardo Lombao, que o responsable de que haxa que levantar toda a instalación da auga e facer esta inversión o concello non é outro que a Xunta de Galicia, que non o preveu no seu proxecto. Cree o Sr. Alcalde que toda administración en calquera obra pública que realice terá que reponer os servizos afectados. Quere aclarar ademais, en contestación á intervención do voceiro do PSdG-PSOE, que é mentira que o concello tivera o compromiso de levantar toda esa obra.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O que lle parece máis grave ao Sr. Alcalde é que se pense que esta obra se fixo nun momento inadecuado, posto que un servizo tan básico debéranos ter tódolos concellos fai anos. Opina o Sr. Pardo Lombao que proporcionarlle aos veciños o servizo de abastecemento de auga é adecuado en todo momento.

Referíndose agora á subida de taxas, sinala o Sr. Alcalde que si é certo que se subiron as taxas das licenzas pero non o prezo do enganche da auga tal como incluíu tamén D. Miguel Ángel López Varela na súa intervención. Este prezo leva sen modificarse dende o ano 1995. A subida das taxas das licenzas cree o Sr. Pardo Lombao que era necesaria posto que se atopaban en cantidades ridículas.

En canto ao remanente de tesourería cero, di o Sr. Pardo Lombao que iso é a situación ideal dun orzamento, e respondendo á pregunta formulada polo voceiro do PSdG-PSOE de se hai diñeiro para imprevistos, sinala o Sr. Alcalde que lendo o catálogo de inversións, se pode ver que existe un apartado de 502.295,48 euros que non están designados a ningunha inversión, polo que esa cantidade é a que se utilizará nos imprevistos que puideran xurdir. Engade ademais, que esa cantidade non tiña porque existir xa que un orzamento é unha previsión de gastos e ingresos que logo se cumprirá ou non ao 100%.

En resposta ao comentario feito sobre o excesivo gasto en persoal que coaxuda en tarefas esporádicas ou atípicas, sinala o Sr. Alcalde que existe un gran número de persoal que traballa no concello á marxe do catálogo de funcionarios, que desenrolan traballos importantes. En moitos casos son postos de traballo condicionados por algunha subvención, que en moitos casos chegan tarde, tendo que asumir o concello ese gasto.

Referíndose agora ás Urbanizacións do Salete, afirma o Sr. Pardo Lombao que non se lles vai cobrar nada aos veciños desas urbanizacións, tal como dixo o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE. Deberían saber que no Salete hai máis veciños que os das urbanizacións, e precisamente nesa zona existen graves problemas de vertidos contaminantes. Para resolver isto vaise a construír un colector de saneamento e posiblemente vaise conectar un equipo de bombeo ao mesmo. Esta obra será cofinanciada entre concello e veciños, aínda que a Xunta ten a obriga de financiar este tipo de obras xa que tódolos galegos pagamos un canon de saneamento.

Facendo referencia á calidade da auga, o Sr. Pardo Lombao pon de manifesto que a Confederación Hidrográfica do Norte, cando gobernaba en España o Partido Popular, tiña iniciada a expropiación para a construción dunha presa que ía resolve-lo problema da auga nos concellos de Lugo, Outeiro de Rei e Rábade. Co cambio de goberno a obra foi paralizada, resolvéndolle só o problema a Lugo, onde goberna o PSOE, e deixando a Rábade e a Outeiro de Rei sen auga de calidade. ao Sr. Alcalde parécelle o colmo que agora veñan dicindo que a calidade da auga é moi mala.

Respondendo a outra das cuestións formuladas por D. Miguel Ángel López Varela, o Sr. Alcalde afirma que os locais municipais son prestados ás asociacións sempre que lle lo piden e xustifican para que, sen ningunha distinción. Evidentemente



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

de forma coordinada coas necesidades que teñan outras asociacións ou o propio Concello.

En canto a ausencia dunha partida no plan de investimentos para modificar o Plan Xeral, o Sr. Alcalde manifesta que existen varias razóns para non facelo. Por un lado, está a recente modificación da Lei do Solo e, por outro, que non lles gusta ir por diante da capitalidade da provincia. O actual Plan Xeral de Outeiro de Rei aprobouse un ano máis tarde ca o de Lugo, polo que o Sr. Pardo Lombao considera que se este aínda non se modificou, non é tan urxente modificar o de Outeiro. Sobre todo se somos o terceiro concello de Galicia que máis medra. Por último, quere sinalar, que na actualidade os Plans Xerais que se están a facer, ademais do retraso que provocan as continuas modificacións da Lei do Solo, moitos sofren restricións por parte da Xunta.

Estes son os motivos polos que non existe ningunha partida para o Plan Xeral, xa que non consideran que a lexislación sexa o suficientemente estable, e dentro dela non ven a posibilidade de melloras para o concello. Di o Sr. Alcalde dirixíndose aos grupos da oposición que se eles, dende unha oposición construtiva, os convencen dos beneficios que poida traer para os cidadáns a modificación do Plan, entón eles estarán a favor de facelo.

Referíndose aos parques en malas condicións, afirma o Sr. Pardo Lombao que evidentemente todo é mellorable, pero como xa dixo en outras ocasións, seguen sendo comparables cos de calquera concello limítrofe da mesma categoría e, nalgún caso, con algún concello de maior categoría que o noso, tanto na cantidade coma na calidade. Por suposto, van a seguir mellorándoos ao ritmo que permitan os orzamentos.

En canto as parcelas que posúe o concello, sinala o Sr. Alcalde que a maioría son zonas verdes, habendo ademais algunha parcela dotacional nas que, nun futuro, se desenrolará algunha actuación nelas. Neste momento aínda non está previsto, ademais de que hai urbanizacións que aínda non están recibidas.

En referencia ao desenrolo de temas medioambientais e culturais, D. José Pardo Lombao pon de manifesto que na actualidade estase a desenrolar unha actuación moi importante no Sendeiro do Miño cun investimento de 240.000 euros. Ademais das actuacións xa feitas en Santa Isabel e Penas de Rodas, consistindo fundamentalmente no mantemento destas zonas, que é incluso máis custoso que a súa creazón.

Relacionado asemade co tema do medioambiente está o sistema de recollida de lixo, que está estendido a todo o municipio dende fai moito tempo; ou tamén a rede de colectores que vai dende o límite con Lugo ata Matela, e que cruza gran parte do concello.

Referíndose agora aos temas culturais, o Sr. Alcalde afirma que se fixeron actuacións sobre todo en patrimonio, xa que o Concello colaborou na restauración de moitas igrexas. Por outra banda, opina o Sr. Pardo Lombao, que Outeiro de Rei é un dos



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

concellos que está á cabeza da provincia de Lugo na organización de actividades culturais.

En canto á opinión de que os orzamentos son moi continuístas, sinala o Sr. Alcalde que non podían ser doutra maneira, xa que a liña política que se seguiu con este equipo de goberno deu moi bo resultado por ser continuísta e innovadora ao mesmo tempo durante os 25 anos que levan gobernando. Comezaron realizando infraestruturas de estradas, para que tódolos veciños tiveran o camiño asfaltado ata a entrada das súas casas, continuando co alumeadado público en tódalas parroquias. Cree o Sr. Alcalde que despois disto xa puideron pasar a realizar outro tipo de actuacións como a remodelación do centro da vila ou a praza do concello. O mesmo tempo foron capaces de conter o gasto, mantendo un Concello saneado.

Opina o Sr. Pardo Lombao que o crecemento dun concello se consegue coa estabilidade política, xa que se poden desenrolar proxectos a longo prazo.

Pide aos grupos da oposición, que dixeron que ían votar en contra destes orzamentos, que recapaciten tras estas aclaracións que acaba de facer.

Intervén a continuación o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE dicindo que o Sr. Alcalde non interpretou ben as súas palabras, xa que dixo que, en principio, o seu voto era en contra, pero se estaban dispostos a negociar e se a intervención de D. José Pardo Lombao fose coherente, habería a posibilidade de cambiar ese voto.

Pasa a falar a continuación do planeamento, para preguntarlle ao Sr. Alcalde se cree que o goberno do PP estaba equivocado no ano 1997 e no 2002 cando aprobou a Lei do Solo. Continua dicindo que eles están a favor da planificación do territorio para non medrar dunha maneira desorganizada.

Referíndose agora ao Salete, sinala que eles non están a favor de que se lles cobre aos veciños pola mellora que se vai a facer do saneamento.

Insiste o D. Miguel Ángel López Varela que os orzamentos non son nada innovadores xa que na partida número 481, referente a premios, becas, estudos e investigación so supón un 0,00033%. Ten máis gastos telefónicos nun mes que nun ano en investigación e desenrolo.

Con respecto a estrada de Castro, quere saber o Sr. voceiro do PSdG-PSOE cales son os puntos concretos onde o Concello si ten obriga de repoñer os servizos afectados.

Por outra banda, afirma o Sr. Varela, referíndose ao tema do campo da festa de Guillar, que existen varias parroquias nas que aínda non se investiu ca mesma igualdade.

Por último, sinala o Sr. Miguel Ángel López Varela, que as aclaracións do Sr. Alcalde non lles parecen pertinentes e propoñen deixar o expediente sobre a mesa aprazando a discusión para o seguinte pleno, de tal xeito que se o equipo de goberno fai



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

os cambios no plan de investimentos, que satisfagan as necesidades que eles plantexan, entón estarían dispostos a negociar a aprobación do mesmo.

A continuación, fai uso da palabra o voceiro do BNG, e aclara con respecto ao campo da festa de Guillar, que él simplemente preguntou de qué parroquia se trataba, posto que non aparece reflectido nos orzamentos. Están totalmente de acordo con que se lles proporcione un campo da festa aos veciños desa parroquia, pero quere sinalar que non en tódalas parroquias se fixo do mesmo xeito. Por exemplo, na súa parroquia, o campo foi cofinanciado entre veciños e Concello.

Con referencia ao tema da calidade da auga, di o Sr. Arcadio que na súa intervención o Sr. Alcalde fixo alusión ao BNG cando falou do goberno de España, e di que xa lles gustaría ter tanto poder de decisión. Pensa D. Arcadio Lombao Román que lles está dando máis protagonismo do necesario e cando di que son corresponsables, pregúntase se o son tanto como son eles do goberno de Lugo, que sempre o critican e despois apóiano. Engade ademais, que cando se levou ao pleno o tema da construción da presa do Narla, o BNG foi o único partido que votou en contra e xa sabe o Sr. Alcalde o que propuxeron eles nese momento.

Continua dicindo o Sr. Arcadio que o D. José Pardo Lombao pensa que a administración de agora non é fiable simplemente por non ser do PP.

Con referencia ao deporte pensa o Sr. Arcadio que é un agravio comparativo o que lle dedica o concello á S. D. Outeiro de Rei e o q lle dedica aos outros equipos. A visión que teñen eles do deporte é que todo o mundo participe, e para Outeiro de Rei é un luxo ter un equipo en Segunda Rexional e outro en Terceira. Engade que o Sr. Alcalde fala de que o Concello estivo administrando o acondicionamento dos campos, pero houbo anos nos que os propios xogadores tiñan que sementar e regar eles a herba.

Insiste o Sr. Lombao Román en que o ingreso da venda da cárcere de Lugo non cree que se vaia a producir este ano, polo cal non entende por que se incluíu neste orzamento. Por outro lado, diga o que diga o Sr. Alcalde, a obra de reposición de servizos afectados pola estrada de Castro, e mire por onde se mire, é unha obra feita dúas veces e orzamentada dúas veces. Pregunta a continuación se cando se levou o abastecemento de auga por esa zoa se preveu que si se ía facer unha estrada dese calibre, e cabría a posibilidade de ter que sacar a rede de abastecemento e volvela a colocar de novo.

Por último, quere sinalar o Sr. Arcadio que os orzamentos presentados polo equipo de goberno lles parecen moi pouco ambiciosos. Pensa ademais, que cando o Sr. Alcalde di que non teñen ningunha subvención, quizabes sexa porque non sabe negociar coas outras administracións.

Intervén o Sr. Pardo Lombao, respondéndolle primeiro ao grupo municipal do PSdG-PSOE e di que para poder negociar os orzamentos deberían de presentar algunha proposta que eles puideran estudar. Dependendo do interesante e coherente que fora e



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

das se a considerasen máis prioritaria que outras partidas poderían introducila nos orzamentos. Como non fixeron ningunha proposta, non teñen nada que negociar e, por suposto, non van a deixar o expediente sobre a mesa.

Referíndose o Plan Xeral, di o Sr. Alcalde, que efectivamente a Lei do Solo se aprobou no 1997 e que ao longo destes anos modificouse varias veces. Esta situación non da seguridade a aqueles que estean desenrolando un Plan Xeral e non lle parece o momento idóneo para facelo en Outeiro de Rei. Pon como exemplo o concello de Lugo, que leva 7 ou 8 anos desenrolando Plan Xeral e non foi capaz de modificalo ata agora.

Non cree o Sr. Pardo Lombao que o concello estea medrando dunha maneira desorganizada xa que se sigue o Plan Xeral do ano 1992. Sobre ese Plan é sobre o que se desenrolou o Concello máis ca ningún outro limítrofe.

En canto a partida número 481, á que se refería o Sr. Miguel, di o Sr. Pardo Lombao que lle gustaría saber canto lle dedican os demais concellos de Galicia a investigación e desenrolo. Dada a situación da facenda municipal de tódolos concellos, a ningún deles se lle ocorre dedicar unha partida importante a investigación e desenrolo e moito menos a un concello pequeno como é o noso caso. Cree o Sr. Alcalde que esa misión está reservada ao goberno do país ou á Xunta. O obxectivo principal dos concellos pequenos situados no rural é proporcionar aos veciños os servizos necesarios e non a investigación.

En referencia á estrada de Castro, aclara o Sr. Pardo Lombao, contestando á pregunta do Sr. Miguel que o Concello nalgún punto da estrada asumiu a responsabilidade de cambiar a tubería da auga se o necesitaba a administración correspondente por algún tipo de obra especial. O que non van a permitir nunca é que unha administración cando crea unha infraestrutura, faga que a administración local repaña os servizos afectados.

Respostando agora á intervención do voceiro do BNG, o Sr. Pardo Lombao sinala que a inversión que se fixo no campo da festa de Sobrada, ao que se referiu anteriormente o Sr. Arcadio, foi nunha porcentaxe moi alta e, ao mesmo tempo que se fixo isto, cambiouse de sitio o Centro Cultural da mesma parroquia, (obra financiada ao 100% polo Concello).

Referíndose ao comentario feito polo Sr. Arcadio sobre ao apoio do Sr. Alcalde ao goberno de Lugo, responde o Sr. Pardo Lombao afirmando que na sesión investidura do Sr. Orozco o PP abstívose na votación, polo tanto non o apoiaron, en cambio o BNG no Parlamento de España apoiou o Sr. Rodríguez Zapatero na súa primeira lexislatura. Opina o Sr. Alcalde que cando alguén apoia a investidura do presidente do goberno faise responsable dos actos do presidente do goberno e do seu goberno en conxunto. Neste caso, os seus actos foron anular a construción da presa do Narla, obra que proporcionaría auga suficiente e de calidade para os veciños de Outeiro de Rei sen supoñer ningún custe para eles. Despois de ter este proxecto aprobado, financiado e en vías de expropiación, o goberno decide anulalo. Se esta anulación se debeu a motivos



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

mediambientais, di o Sr. Alcalde que podería ser discutible, pero automaticamente habería que levar a cabo outro proxecto, como se fixo na a cidade de Lugo, para abastecer de auga eses concellos.

Por outra banda, o Sr. Pardo Lombao sinala que non dixo nunca que a administración non é fiable, senón que ve moitos problemas nela, como situacións de sectarismo.

Referíndose aos equipos de fútbol, o Sr. Pardo Lombao considera que estas entidades son un referente para os rapaces do concello, así como un entretemento para os maiores, e teñen un custe diferente dependendo da categoría. O Concello pode decidir apoialos ou non facelo, se os apoia, como é este caso, farao de forma acorde coa categoría na que se atopan. O Sr. Alcalde reconece que fai anos os xogadores tiñan que encargarse de regar o campo, pero a situación foi evolucionando de forma que hoxe en día o mantemento de tódolos campos corre a cargo do Concello. Opina ademais, que estes campos se atopan nunhas condicións aceptables, contando con iluminación, auga e vestiarios, e perfectamente comparables coas instalacións de outros equipos das mesmas categorías. Recorda o Sr. Alcalde, que o Concello tamén subvenciona outro tipo de deportes como a natación, tenis, fútbol sala, baloncesto, etc.

No referente a venda da cárcere de Lugo, o Sr. Alcalde pregunta se o Sr. Arcadio ten algunha información ao respecto, xa que asegura que non vai a ser un ingreso deste ano. D. José Pardo Lombao afirma que existe un proceso de expropiación por parte do Concello de Lugo e unhas valoracións técnicas feitas por empresas especializadas. Materialícese ou non este ano, eles tiñan a obriga de reflectilo no orzamento. Como calquera outro tipo de partida, non se saberá ata final de ano se se vai a materializar. De tódolos xeitos, como non teñen comprometido todo o orzamento, en caso de non materializarse dita partida tampouco terían ningún problema.

Efectivamente, as obras na estrada de Castro son feitas dúas veces, pero pregunta o Sr. Alcalde se preferiría o Sr. concelleiro do BNG que as parroquias de Matela, Bonxe, Vilela, Arcos, Sobrada, etc. estiveran sen abastecemento de auga ata que se rematen as obras da estrada. Naturalmente, cando se comezaron coas obras da rede de abastecemento non se preveu a obra da estrada, xa que daquela non se sabía cal ía a ser o trazado da mesma. De tódolos xeitos, en zoas nas que aínda non se colocara a rede sufríronse retrasos nas obras porque se esperou a saber o trazado da estrada.

O Sr. Alcalde non pensa que o orzamento sexa pouco ambicioso, senón todo o contrario, posto que leva un 40% de investimento a maioría en infraestruturas, que van a fomentar o crecemento do Concello.

Por último, referíndose ás negociacións das subvencións, o Sr. Pardo Lombao di que para poder negociar, se eles fan unha proposta a unha administración, terán que recibir unha contraproposta senón a negociación é imposible. Opina que o mellor xeito de negociar é falar primeiro coas persoas e logo facer os escritos, pero en moitos casos isto non é posible.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar o orzamento municipal do exercizo 2008”, do que se extracta o seguinte resumo:

GASTOS

RESUMO POR CAPÍTULO

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
	A) OPERACIONES CORRIENTES	3.377.097,82
1	Gastos de personal	1.115.147
2	Gastos en Bienes y Servicios	1.367.240,67
3	Gastos Financieros	25.000
4	Transferencias Corrientes	151.100
.....	A) OPERACIONES DE CAPITAL	1.152.146,93
6	Inversiones reales	1.775.757,08
7	Transferencias de capital	5.000
8	Activos financieros	0,00
9	Pasivos financieros	90.000
	TOTAL GASTOS	4.529.244,75

INGRESOS

RESUMO POR CAPÍTULO

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
	A) OPERACIONES CORRIENTES	3.377.097,82
1	Impuesto directos	785.000
2	Impuestos indirectos	265.000
3	Tasas y otros ingresos	1.133.000
4	Transferencias Corrientes	1.188.097,82
5	Ingresos patrimoniales	6.000
	A) OPERACIONES DE CAPITAL	1.152.146,93
6	Enajenación de inversiones	471.075,54
7	Transferencias de capital	681.071,39
8	Activos financieros	0,00
9	Pasivos financieros	0,00
	TOTAL INGRESOS	4.529.244,75

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con 6 votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e 5 en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais da oposición.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

3.- APROBACION INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

Intervén o voceiro do BNG, D. Arcadio Lombao Román, dicindo que no anterior pleno se tratou un punto relacionado con este, no que unha serie de competencias se delegaron na xunta de goberno. Posto que non estaban de acordo con aquela proposta tampouco van a apoiar esta, comunicando a súa abstención na votación da mesma.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro D. Miguel Ángel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, poñendo de manifesto que eles están de acordo con que se regule dalgunha maneira este tipo de actividades, pero, posto que no anterior pleno a aprobación de prezos públicos pasou a ser competencia da Xunta de Goberno, tamén se van abster na votación deste punto.

A continuación, fai uso da palabra o Sr. Alcalde, sinalando que efectivamente é a Xunta de Goberno a que aproba os prezos públicos porque así foi aprobado no pleno anterior. É certo que se baleira ao pleno de contidos igual que se baleirou a Alcaldía posto que delegou moitas competencias na Xunta de Goberno. Pero este é un debate que xa se realizou no pleno anterior. Aquí o que se pretende é crear un marco técnico – xurídico para aplicar eses prezos públicos que son moi cambiantes dependendo das actividades.

De tódolos xeitos, teñen a mesma capacidade de decidir no pleno que na Xunta de Goberno, polo que o funcionamento do Concello non varía.

Sométese a votación a aprobación da seguinte proposta de resolución:

“Aprobar inicialmente a seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

ARTIGO 1. CONCEPTO;

Consiste o obxeto deste prezo público a realización de actividades deportivas, de lecer e tempo libre, de competencia da entidade local, organizadas polo Concello de Outeiro de Rei, sempre e cando non señan feito impoñible dunha tasa, ou estén nos supostos de exención contemplados no artigo 21 do RDL 2/2004 de 5 de Marzo, ou señan obxeto regulado noutra ordenanza deste Concello.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

ARTIGO 2.OBLIGADOS AO PAGO;

Será obrigado ao pago quen voluntariamente se matricule para a realización destas actividades , e por tanto se beneficie das mesmas.

No caso de menores actuarán como sustitutos do obrigado, o pai, nai ou titor da persona física matriculada.

ARTIGO 3.CUANTÍA;

O importe dos prezos públicos determinarase mediante aprobación, en cada caso pola Xunta de Goberno Local , aténdose ao regulado no artigo 44 do RDL 2/2004 de 5 de Marzo, e xustificarse diante da intervención, para a súa determinación elaborase unha memoria económica-financieira polos servizos correspondentes, na que se xustificará o importe dos mesmos que se propoña e o grado de cobertura financieira dos costes correspondentes.

ARTIGO 4. OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para a realización da actividade en cuestión.

2.A matrícula e os restantes dereitos de inscrición abonarase dunha soia vez ó realizala mesma. De haber mensualidades deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes, recibindo xustificantes dos pagamentos.

3.A renuncia á participación , unha vez iniciada a actividade, non dará dereito á devolución do prezo abonado, pola parte de actividade xa disfrutada.

ARTIGO 5.NORMAS DE PROCEDIMENTO

1.O servizo que acordase a realización das actividades deberá xustificar diante da Intervención o seu custo total e estimación de asistentes.

2.Realizará proposta á Xunta de Goberno Local para determina-las cuotas a esixir de conformidade co establecido no artigo 3 deste texto, adxuntando unha memoria da actividade a desenvolver.

3.Unha vez acordado o prezo públicos, darase conta do mesmo as persoas interesadas na realización da devandita actividade , indicándolles a cuantías das matrículas e as mensualidades a satisfacer, os prazos, e a conta bancaria na que deberán facer o ingreso, así como o concepto a poñer no mesmo, para que así o resgardo bancario lles sirva de xustificante de ingreso.

4. Unha vez finalizada a actividade , o responsable da dependencia encargarse de dar conta do cumprimento de dita actividade, presentando conta xustificativa da mesma, indicando os importe ingresados polos obrigados, e adxuntando copia dos resgardos dos mesmos, así como detalle dos custos a sufragar polo Concello, para que os servizos económicos teñan constancia dos mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez se teñan cumprido os trámites esixidos no artigo 16 do TRLFL, artículo 49 da LBRL e conforme as Bases de Execución do Orzamento xeral do Concello para o ano 2008. “

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con 6 votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e 5 abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

4.- DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO.

O sr Alcalde dá conta aos membros da corporación do contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data de 25 de abril de 2008, polo que se solicita á Vicepresidencia da Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, axudas para o Plan Concertado 2008, ao aveiro da *Orde do 18 de marzo de 2008, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede a súa convocatoria.*

5.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 265/2008 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE LUGO, COMO CONSECUENCIA DO AUTO DE ANADMISIÓN 8311/04 DO TSJ DE GALICIA.

O sr Alcalde dá conta aos membros da corporación o contido da Sentenza nº 265/2008 do xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo, na que se desestiman as pretensións de anulación de certas providencias de apremio fronte ao impago das liquidacións derivadas da aplicación da taxa polo engancho e acometida ao servizo municipal de abastecemento de auga potable.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as quince horas corenta minutos, e da que eu, Secretario, estendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Segretario

Vº e Praxe, O Alcalde.